



Arte, que invento é iso?

-  Quen determina que algo é unha obra de arte?
-  Existe un gusto de clase, é dicir, un xuízo de valor común aos individuos dunha mesma orixe ou dun mesmo panorama social?
-  O gusto Kitsch revela a posición social de quen o posúe?
-  Tod@s temos necesidades estético-artísticas ou só algunhas persoas necesitan unha relación coa arte?
-  Hai institucións que fan negocio coa arte? Cales?
-  Hai algún tipo de creador que sexa libre respecto ás institucións que transforman a obra de arte en diñeiro?
-  Que pasa cando as chamadas artes primarias abandonan o seu lugar de orixe, a aldea, o asilo, o taller do xubilado... para ser instaladas nun museo?
-  Que quere dicir a afirmación de que o museo é unha fábrica de arte?
-  Como evitar estar sometidos á tiranía dos xuízos dominantes e oficiais en cuestión de arte?

-  Que pretende a clase dominante coa súa propaganda cultural, crear artistas e escritores ou lectores e admiradores?
-  Que función teñen @s galeristas, directores de museos, crític@s de arte, comisari@s de exposicións?
-  En que momento un mexadoiro pode converterse nunha obra de arte?
-  Que distingue o urinario de Duchamps de calquera outro fabricado?
-  Unha reprodución fotográfica da Gioconda é unha obra de arte? E unha reprodución dunha foto de Ouka Leele?
-  O fabricado industrialmente pode ser unha obra artística?
-  Na arte todo está permitido?
-  A produción artística ten que estar sometida a normas morais?
-  É máis importante a obra rematada ou o proceso de realización da mesma?
-  A arte debe estar ao alcance de todos, é dicir, ten que ser popular e non de elite?
-  A arte de masas, tamén chamado arte espectáculo perde calidade?
-  As persoas nacen ou se fan artistas?

-  Que actividades son consideradas hoxe arte e non o serían na antigüidade? Cales das consideradas noutro tempo arte non o son agora?
-  Que funcións ten a arte?
-  Que é a arte dixital?
-  A que nos referimos coas expresións *forma* e *contido* dunha obra de arte?
-  De onde provén a arte segundo Freud?
-  A arte ten máis valor cando é unha reprodución fiel da realidade?
-  Cal é a diferenza entre arte e artesanía?

